

Lei 12/1988, do 27 de decembro, de asignación de recursos para a cooperación local

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 294, do 24.9.1988. Corrección de erros: BOPG núm. 297, do 28.9.1988.

Emendas, BOPG núm. 304, do 17.10.1988.

Debate de totalidade, DSPG núm. 102, do 26.10.1988.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 313, do 8.11.1988.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 319, do 25.11.1988.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 319, do 25.11.1988.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 108, do 20.12.1988.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 328, do 26.12.1988.

Diario Oficial de Galicia núm. 249, do 29.12.1988.

Boletín Oficial del Estado núm. 36, do 11.2.1989.

Lei 12/1988, do 27 de decembro, de asignación de recursos para a cooperación local

Determinada a liquidación definitiva da participación que nos ingresos líquidos do Estado, correspondentes ó exercicio económico do ano 1987, lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, produciuse un exceso sobre a financiación prevista nos Presupostos Xerais aprobados polo Parlamento de Galicia e publicados como Lei 2/1988, do 5 de marzo. Tal exceso é de tres mil douscentos sesenta e dous millóns noventa mil pesetas (3.262.090.000).

Por outra parte, despois dun exame dos estados de recadación, os distintos conceptos de ingresos semellan axustarse ás previsións presupostarias, inclusive cunha tendencia á alta, e isto permite que coa financiación propia e coa prevista de participación nos ingresos do Estado a Comunidade Autónoma estea en condicións de atender-las previsións de gastos contidas nos Presupostos.

Non obstante, o exceso xa mencionado na participación nos ingresos do Estado pode permitir que, de maneira inmediata, se cubran neste exercicio económico necesidades peremptorias da nosa Comunidade, especialmente mediante

aquelas actuacións que poden contribuír máis directamente a corrixi-los desequilibrios territoriais máis patentes.

Desde as perspectivas sinaladas, os motivos que impulsan ó Goberno Galego a presentar no Parlamento de Galicia o presente Proyecto de Lei son os seguintes:

a) A necesidade de respecta-lo espírito e a letra das normas que rexen a xestión económica e financeira.

b) Porque é preciso someterse ó control parlamentario cando se produce nos ingresos un incremento que no seu día, pola falta de datos fiables sobre a súa contía, non foron contemplados exactamente nas previsións presupostarias, que, por outra parte, deben ser prudentes no cálculo inicial, sobre todo cando se trata de medir ingresos doutras Administracións.

Pero tamén estima o Goberno Galego, amais das anteriores consideracións formais, que os novos recursos cos que agora se pode contar deben ser destinados a aqueles obxectivos que máis claramente definen o carácter dos Presupostos vixentes, tal como di a

Exposición de Motivos da Lei 2/1988, do 5 de marzo, ó proclamar que «no seu aspecto financeiro, o Presuposto elaborouse cun decidido carácter expansivo que posibilitase unha maior e mellor oferta de servizos públicos e sociais pola Comunidade».

Desde esta perspectiva é lóxico que estea no ánimo do Goberno aproveitar ó máximo os recursos disponibles, delineando un marco que faga posible a operatividade dun mecanismo áxil que permita cubri-las necesidades máis sentidas por determinadas zonas de Galicia. Neste sentido, ó elaborar un marco de cooperación local, estase a segui-la liña marcada nos Presupostos, sen máis diferenza cá de abrir un novo programa que servirá para potencia-lo papel das entidades locais como definidoras máis inmediatas dunha política de desenvolvemento e de prestación de servizos de benestar comunitario.

Por outra parte, esta vontade supón afondar na política xa desenvolvida en Galicia para colaborar cos Concellos na mellora da súa oferta de servizos, atendendo sobre todo os que contempla, con carácter de obrigatorios, a Lei reguladora das Bases do Rexime Local.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Pre-

sidente, promulgo, en nome do Rei, a Lei de asignación de recursos para a cooperación local.

Artigo 1

Autorízase a incorporación ó Estado de Gastos dos vixentes Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do crédito que, por un importe de tres mil douscentos sesenta e dous millóns noventa mil pesetas (3.262.090.000), se asigna a un programa de cooperación local coa denominación que figura no anexo desta Lei.

Artigo 2

O programa a que se refire o artigo 1 destínase a atender os servizos públicos previstos no artigo 26.1.a) e b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Rexime Local, atendendo os criterios seguintes:

2.1.— Destinaranse os recursos ós concellos rurais de Galicia.

2.2.— Terán prioridade os concellos con maior dispersión de poboación.

2.3.— Aplicaranse os recursos preferentemente a servizos básicos, de saneamento e traídas de augas.

Artigo 3

O crédito será financiado pola mesma contía do exceso disponible procedente da liquidación definitiva de 1987 que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia pola porcentaxe de participa-

ción nos ingresos líquidos do Estado referidos ó devandito ano.

Artigo 4

A priorización dos concellos farase inversamente ó respectivo nivel de renda, e a priorización dos núcleos de cada un terá por base os seguintes módulos:

a) Carencia, por esta orde, de infraestructuras de abastecementos de augas, redes de sumidoiros, comunicacións e sanidade, con suxección, no último caso, ás previsións do Mapa Sanitario de Galicia.

b) Insuficiencia, pola mesma orde, das devanditas infraestructuras.

Artigo 5

Os proxectos que se van financiar, que serán redactados a custa do propio Fondo, determinaranse por proposta do Concello ou entidades beneficiarias, dentro do Plan establecido na Disposición Adicional primeira.

Artigo 6

As cantidades do Fondo non comprometidas no correspondente exercicio incrementarán o exercicio seguinte coa mesma finalidade.

Artigo 7

A Xunta de Galicia, unha vez feita a priorización de concellos e

a priorización de obras, daralle conta ó Parlamento de Galicia dos resultados das devanditas tarefas, facendo unha relación das propostas feitas polas entidades locais interesadas.

Disposición adicional única

1. A Xunta de Galicia dictará, no prazo dun mes, por proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución de canto se prevé nesta Lei.

2. Dentro dos quince días seguintes ó vencemento de cada trimestre, o Conselleiro de Economía e Facenda daralle conta á Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Presupostos, dos convenios subscritos en execución do devandito Plan.

Disposición derradeira

A presente Lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 1988

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente

Anexo

Estado de Ingresos

Operacións correntes

401.1. Liquidación da porcentaxe de 1987 3.262.090.000 ptas.

Estado de Gastos

Programa 344A. «Cooperación local».

005/005/607/344A. Bens destinados ó uso xeral 262.090.000 ptas.

005/005/761/344A. Transferencias de capital a
Corporacións Locais 2.500.000.000 de ptas.

005/005/781/344A. Transferencias de capital a
agrupacións veciñais e asociacións ubicadas
en concellos 500.000.000 de ptas.